

## ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

### XUNTA DE GALICIA

#### Consellería de Economía, Emprego e Industria

#### Xefatura Territorial da Coruña

#### Servizo de Emprego e Economía Social

*Resolución de inscripción e publicación do calendario laboral do ano 2020 do convenio colectivo sectorial de carpintería e ebanistería da provincia da Coruña*

Logo de constituírse a comisión negociadora do convenio colectivo sectorial de CARPINTARÍA E EBANISTERÍA da provincia de A Coruña (código n.º 15000805011982), subscríbese con data 20 de febreiro de 2020 o calendario laboral do ano 2020 polas partes lexitimadas, e solicítase a súa inscripción e publicación.

De acordo co disposto no artigo 90 e concordantes do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores (BOE núm. 255, do 24 de outubro de 2015) e no artigo 2.1 e concordantes do Real Decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios e acordos colectivos de traballo (BOE núm. 143, do 12 de xuño de 2012), así coma na Orde do 29 de outubro de 2010 pola que se crea o rexistro de convenios e acordos colectivos de traballo na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 222, do 18 de novembro) modificada pola Orde do 14 de marzo (DOG núm. 60, do 26 de marzo de 2013).

Considerando que a xefatura territorial de economía, emprego e industria da Coruña é competente para resolver a inscripción do calendario laboral do ano 2019 do convenio colectivo sectorial de CARPINTARÍA E EBANISTERÍA da provincia de A Coruña e para dispoñer a súa publicación segundo o disposto no artigo 62.2 en consonancia co artigo 35 do Decreto 135/2017, do 28 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da consellería de economía, emprego e industria (DOG núm. 18, do 25 de xaneiro de 2018).

De acordo con todo o indicado, RESOLVO:

1. A inscripción do calendario laboral do ano 2020 do convenio colectivo sectorial de CARPINTARÍA E EBANISTERÍA da provincia de A Coruña no rexistro de convenios e acordos colectivos de traballo da Comunidade Autónoma de Galicia.
2. A remisión do calendario laboral do ano 2020 do convenio colectivo sectorial de CARPINTARÍA E EBANISTERÍA da provincia de A Coruña ó Boletín Oficial da Provincia da Coruña para a súa publicación.

A Coruña, 29 de xullo de 2020.

O xefe territorial de economía, emprego e industria

Isidoro Martínez Arca

DATA: 20/02/2020

HORA: 10.30

LUGAR: SEDE CIG A CORUÑA

#### ASISTEN

##### POLA REPRESENTACIÓN SINDICAL:

- JESÚS MARÍA CALVO ROMERO (UGT)
- SERGIO LÓPEZ RIVERA (CC.OO.)
- MARCOS SÁNCHEZ BRANCO (CIG)

##### POLA REPRESENTACIÓN PATRONAL:

Asociación Provincial de Empresas de Carpintería y Ebanistería de A Coruña.

- MARTA SIERRA VIVERO
- CLAUDIO SANTOS CASTRO
- DELIA ARES DÍAZ
- MERCEDES PÉREZ FREIRE

## ORDE DO DÍA

### CALENDARIO LABORAL 2020

## ACTA CALENDARIO. MESA NEGOCIADORA CONVENIO INDUSTRIAS CARPINTARÍA E EBANISTARÍA DA CORUÑA

### 1. CALENDARIO LABORAL 2020

Na cidade de A Coruña, a 20 de febreiro de 2020, sendo ás 10.30 horas, reúnenos nos locais da CIG-Coruña, os señores e señoras, os e as que se relacionan ao marxe, para negociar o calendario laboral do Convenio Colectivo Provincial de A Coruña de Carpintaría e Ebanistaría para o ano 2020.

Aberta a sesión, e tras unha ampla deliberación, aprobouse por unanimidade o calendario laboral que se adxunta a presente acta, cun total de 1.752 horas e que entra en vigor o 1 de xaneiro de 2020.

Páctanse como festivos de convenio para o ano 2020, os que figuran no calendario adxunto, que son os seguintes:

- 25 de febreiro
- 20 de marzo
- 13 de abril
- 24 de xullo
- 14 de agosto
- 30 de outubro
- 7, 24 e 31 de decembro

Os festivos locais son os que se determinan no calendario de festas publicado no B.O.P. de A Coruña.

Os días sinalados como FC-8 Con teñen o tratamento de festivo para o ano 2020, para dar cumprimento ao art. 20 do Convenio Colectivo de A Coruña de Industrias de Carpintaría e Ebanistaría.

Cando un festivo local coincida con algún festivo convenio (FC-8), ou sábado, este pasará ao anterior día laborábel. Do mesmo xeito, os días FC-8 que figuran no calendario, si coinciden en período de vacacións non contarán como vacacións.

Si debido ao retraso da súa publicación, non se gozase dalgún dos FC-8 marcados no calendario laboral, este gozarase de forma individual ou marcarase outro día no calendario en cada empresa.

Este calendario será de aplicación en aquelas empresas que non teñan establecido o seu propio calendario laboral.

Facúltase ao persoal do Consello Galego de Relacións Laborais, para o rexistro e publicación do calendario ante a Delegación Provincial da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galiza, a efectos da súa homologación e posterior publicación no B.O.P.

En proba de conformidade, asíñase a presente acta no lugar e data indicada máis arriba.

# CONVENIO CARPINTARÍA EBANISTARÍA DA CORUÑA

## CALENDARIO LABORAL 2020

| DÍAS      | XANEIRO | FEBREIRO | MARZO | ABRIL | MAIO | XUÑO | XULLO | AGOSTO | SETEMBRO | OUTUBRO | NOVEMBRO | DECEMBRO | DÍAS |
|-----------|---------|----------|-------|-------|------|------|-------|--------|----------|---------|----------|----------|------|
| 1         | FN      | SAB      | DOM   | 8     | FN   | 8    | 8     | SAB    | 8        | 8       | DOM      | 8        | 1    |
| 2         | 8       | DOM      | 8     | 8     | SAB  | 8    | 8     | DOM    | 8        | 8       | 8        | 8        | 2    |
| 3         | 8       | 8        | 8     | 8     | DOM  | 8    | 8     | 8      | 8        | SAB     | 8        | 8        | 3    |
| 4         | SAB     | 8        | 8     | SAB   | 8    | 8    | SAB   | 8      | 8        | DOM     | 8        | 8        | 4    |
| 5         | DOM     | 8        | 8     | DOM   | 8    | 8    | DOM   | 8      | SAB      | 8       | 8        | SAB      | 5    |
| 6         | FN      | 8        | 8     | 8     | 8    | SAB  | 8     | 8      | DOM      | 8       | 8        | FN       | 6    |
| 7         | 8       | 8        | SAB   | 8     | 8    | DOM  | 8     | 8      | 8        | 8       | SAB      | FC-8     | 7    |
| 8         | 8       | SAB      | DOM   | 8     | 8    | 8    | 8     | SAB    | 8        | 8       | DOM      | DOM      | 8    |
| 9         | 8       | DOM      | 8     | FCA   | SAB  | 8    | 8     | DOM    | 8        | 8       | 8        | 8        | 9    |
| 10        | 8       | 8        | 8     | FN    | DOM  | 8    | 8     | 8      | 8        | SAB     | 8        | 8        | 10   |
| 11        | SAB     | 8        | 8     | SAB   | 8    | 8    | SAB   | 8      | 8        | DOM     | 8        | 8        | 11   |
| 12        | DOM     | 8        | 8     | DOM   | 8    | 8    | DOM   | 8      | SAB      | FN      | 8        | SAB      | 12   |
| 13        | 8       | 8        | 8     | FC-8  | 8    | SAB  | 8     | 8      | DOM      | 8       | 8        | DOM      | 13   |
| 14        | 8       | 8        | SAB   | 8     | 8    | DOM  | 8     | FC-8   | 8        | 8       | SAB      | 8        | 14   |
| 15        | 8       | SAB      | DOM   | 8     | 8    | 8    | 8     | FN     | 8        | 8       | DOM      | 8        | 15   |
| 16        | 8       | DOM      | 8     | 8     | SAB  | 8    | 8     | DOM    | 8        | 8       | 8        | 8        | 16   |
| 17        | 8       | 8        | 8     | 8     | DOM  | 8    | 8     | 8      | 8        | SAB     | 8        | 8        | 17   |
| 18        | SAB     | 8        | 8     | SAB   | 8    | 8    | SAB   | 8      | 8        | DOM     | 8        | 8        | 18   |
| 19        | DOM     | 8        | FCA   | DOM   | 8    | 8    | DOM   | 8      | SAB      | 8       | 8        | SAB      | 19   |
| 20        | 8       | 8        | FC-8  | 8     | 8    | SAB  | 8     | 8      | DOM      | 8       | 8        | DOM      | 20   |
| 21        | 8       | 8        | SAB   | 8     | 8    | DOM  | 8     | 8      | 8        | 8       | SAB      | 8        | 21   |
| 22        | 8       | SAB      | DOM   | 8     | 8    | 8    | 8     | SAB    | 8        | 8       | DOM      | 8        | 22   |
| 23        | 8       | DOM      | 8     | 8     | SAB  | 8    | 8     | DOM    | 8        | 8       | 8        | 8        | 23   |
| 24        | 8       | 8        | 8     | 8     | DOM  | FCA  | FC-8  | 8      | 8        | SAB     | 8        | FC-8     | 24   |
| 25        | SAB     | FC-8     | 8     | SAB   | 8    | 8    | FCA   | 8      | 8        | DOM     | 8        | FN       | 25   |
| 26        | DOM     | 8        | 8     | DOM   | 8    | 8    | DOM   | 8      | SAB      | 8       | 8        | SAB      | 26   |
| 27        | 8       | 8        | 8     | 8     | 8    | SAB  | 8     | 8      | DOM      | 8       | 8        | DOM      | 27   |
| 28        | 8       | 8        | SAB   | 8     | 8    | DOM  | 8     | 8      | 8        | 8       | SAB      | 8        | 28   |
| 29        | 8       | SAB      | DOM   | 8     | 8    | 8    | 8     | SAB    | 8        | 8       | DOM      | 8        | 29   |
| 30        | 8       | 8        | 8     | 8     | SAB  | 8    | 8     | DOM    | 8        | FC-8    | 8        | 8        | 30   |
| 31        | 8       | 8        | 8     | 8     | DOM  | 8    | 8     | 8      | 8        | SAB     | 8        | FC-8     | 31   |
|           | XANEIRO | FEBREIRO | MARZO | ABRIL | MAIO | XUÑO | XULLO | AGOSTO | SETEMBRO | OUTUBRO | NOVEMBRO | DECEMBRO |      |
| Horas/mes | 168     | 152      | 160   | 152   | 160  | 168  | 176   | 160    | 176      | 160     | 168      | 144      | 1944 |
| Días/Mes  | 21,0    | 19,0     | 20,0  | 19,0  | 20,0 | 21,0 | 22,0  | 19,0   | 22,0     | 20,0    | 21,0     | 18,0     | 242  |

Lenda de festivos: FN (Festivo Nacional) FCA (Festivo Autonómico) FC-8 (Festivo Convenio para a adaptación das horas anuais)

- 1) Os festivos locais son os que se determinarán no calendario de festas publicado no DOG.
- 2) Os días sinalados como Festivos Convenio (FC-8) teñen tratamento de festivo no ano 2020.
- 3) Cando un festivo local coincida con algún festivo convenio ou sábado, este pasará ao anterior día laboral.
- 4) Este calendario será de aplicación naquelas empresas que non fixen o seu propio calendario laboral.
- 5) Os días FC-8 que figuran no calendario si coinciden en período vacacións non contarán como vacacións.